



BASES E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. CRITERIOS DE ADMISIÓN E ACCESO ÁS PRAZAS

O Campamento de Verán Summertime 2026 conta cun número limitado de prazas, establecéndose un máximo de 44 participantes por quincena.

No caso de que o número de solicitudes presentadas sexa superior ao número de prazas dispoñibles, aplicarase o seguinte procedemento de admisión:

1.1. Acceso preferente directo

Terán acceso preferente directo aos servizos do campamento os seguintes menores:

- a) Alumnos e alumnas matriculados no CEIP Pena Corneira.
- b) Menores empadroados no Concello de Carballeda de Avia con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2026.
- c) Menores que acrediten vinculación familiar co Concello de Carballeda de Avia, entendéndose por tal a existencia de familiares directos ou colaterais (avós, tíos/as, curmáns ou situacións análogas) residentes no municipio ou a permanencia habitual do menor no concello durante períodos vacacionais.

A acreditación destas circunstancias poderá ser requirida polo Concello mediante a presentación da documentación correspondente.

No caso de que o número de solicitudes que cumpran os criterios de acceso preferente directo supere o número de prazas dispoñibles, estas ordenarase igualmente segundo o criterio de renda per cápita da unidade familiar e os criterios de desempate establecidos no apartado 1.3.

1.2. Acceso mediante baremación

Unha vez asignadas as prazas ás solicitudes que cumpran os criterios de acceso preferente directo, no caso de existir solicitudes restantes e resultar insuficiente o número de prazas dispoñibles, estas ordenarase atendendo ao nivel de renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior renda.

Para estes efectos, a renda per cápita calcularase dividindo os ingresos anuais da unidade familiar entre o número total de membros que a integran.

1.3. Criterios de desempate

No caso de empate na renda per cápita, terán preferencia as solicitudes que acrediten algunha das seguintes circunstancias:

- Familias monoparentais ou monomarentais.

- Mulleres vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas en risco de exclusión social.
- Persoas solicitantes de protección internacional ou con estatuto de persoa refuxiada.
- Unidades familiares nas que existan responsabilidades de coidado de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo.

De persistir o empate, atenderase á orde de entrada da solicitude.

1.4. Lista de agarda

As solicitudes que non obteñan praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda ordenada segundo os criterios anteriormente establecidos.

As vacantes que poidan producirse durante o período de inscrición ou antes do inicio de cada quenda serán cubertas seguindo a orde da lista de agarda.

2. ACCESO AO SERVIZO

Para ser beneficiario de Servizo de Campamento de Verán SUMMERTIME 2026 e o “Concilia Madrugadores” **deberá ser notificado, despois de presentada a inscrición, ANTES DA INCORPORACIÓN AO SERVIZO, NON SE ADMITIRÁN MENORES NON INSCRITOS PREVIAMENTE NOS SERVIZOS.**

3. HORARIOS DO SERVIZO

O Campamento Summertime 2026 desenvolverase de luns a venres nos seguintes horarios:

- Servizo de Madrugadores: de 8:00 a 9:30 horas.
- Campamento de Verán: de 9:30 a 14:00 horas.
- Horario flexible de recollida e conciliación: ata as 15:00 horas.

As familias comprométense a respectar os horarios establecidos para garantir o correcto funcionamento das actividades.

4. PUNTUALIDADE

Co obxectivo de facilitar a organización das actividades e o benestar do grupo, as familias deberán procurar a máxima puntualidade tanto na chegada como na recollida dos menores.

As entradas ou saídas fóra do horario habitual deberán comunicarse previamente á organización sempre que sexa posible.

5. RECOLLIDA DOS MENORES

Os/as menores unicamente poderán ser recollidos polas persoas previamente autorizadas na ficha de inscrición; ou permitirase a saída destes con previo consentimento.

No caso de producirse algún cambio puntual, este deberá ser comunicado previamente á organización mediante autorización expresa da nai, pai ou titor/a legal.

Por razóns de seguridade, o persoal responsable poderá solicitar a identificación da persoa que recolla ao menor.

6. USO DE TELÉFONOS MÓBILES E DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS

Co fin de favorecer a participación nas actividades e a convivencia entre os/as participantes, non se permitirá o uso de teléfonos móbiles, videoxogos, reloxos intelixentes con función de comunicación ou outros dispositivos electrónicos durante o desenvolvemento do campamento.

O Concello e a organización non se responsabiliza da perda, deterioración ou subtracción destes dispositivos.

7. MATERIAL NECESARIO

Os/as participantes deberán asistir ás actividades con roupa e calzado cómodo e adecuado ás condicións meteorolóxicas.

Recoméndase traer diariamente:

- Gorra ou protección para o sol.
- Botella de auga identificada.
- Merenda para media mañá.
- Crema solar aplicada previamente desde o domicilio.

Nas actividades acuáticas ou excursións previamente comunicadas será obrigatorio traer o material específico indicado pola organización.

8. NORMAS DE CONVIVENCIA

Os/as participantes deberán unha actitude de respecto cara aos compañeiros/as, monitoras responsables, instalacións e material empregado durante as actividades.

Considéranse condutas contrarias á convivencia:

- Insultos, ameazas ou faltas de respecto.
- Agresións físicas ou verbais.
- Danos intencionados ás instalacións ou materiais.
- Desobediencia reiterada ás indicacións do persoal responsable.
- Calquera comportamento que altere gravemente o normal desenvolvemento das actividades.

Ante situacións reiteradas ou de especial gravidade, o Concello poderá adoptar as medidas oportunas, incluída a suspensión temporal ou definitiva da participación do menor no servizo, logo de informar á familia.

9. BAIXAS E RENUNCIA

As familias deberán comunicar coa maior antelación posible calquera renuncia á praza concedida.

As prazas que queden vacantes poderán ser cubertas mediante a lista de agarda establecida segundo os criterios de admisión.

A ausencia inustificada durante varios días consecutivos poderá supoñer a revisión da continuidade da praza, especialmente cando existan menores en lista de espera.

10. PROTECCIÓN DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE

Os datos persoais recollidos serán tratados polo Concello de Carballeda de Avia coa finalidade de xestionar a participación dos menores no Campamento Summertime 2026, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos.

As familias poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e demais dereitos recoñecidos legalmente mediante solicitude dirixida ao Concello.

A captación e difusión de fotografías ou vídeos dos participantes realizarase unicamente cando exista autorización expresa da nai, pai ou titor/a legal na correspondente ficha de inscrición.

11. PREZOS DO SERVIZO

O Campamento Summertime 2026 terá os seguintes prezos públicos:

- Mes de xuño: gratuíto.
- Mes de setembro: gratuíto.
- Servizo de Madrugadores (de 8:00 a 9:30 horas): gratuíto.
- Mes de xullo:
 - 1ª ou 2ª quincena: 10 euros.
 - Mes completo: 20 euros.
- Mes de agosto:
 - 1ª ou 2ª quincena: 10 euros.
 - Mes completo: 20 euros.

O pagamento deberá realizarse no momento da inscrición.

A falta de pagamento dentro do prazo establecido poderá supoñer a perda da praza concedida.

As baixas ou renuncias comunicadas unha vez iniciado o período contratado non darán dereito á devolución do importe aboado, salvo causas debidamente xustificadas e valoradas polo Concello.